INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 9 DE NOVEMBRO DE 2026, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

PROXECTO DE LEI

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Proxecto de lei de loita contra os incendios forestais de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Decreto polo que se dispón o cese de María José Echevarría Moreno como directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.

- Decreto polo que se nomea directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade a Margarita Segade Castro.

- Decreto polo que se crea e se regula o Rexistro de autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Arteixo, dunha superficie de dominio público viario (DPV) da estrada AC-552, ao longo do Centro social de Lañas.

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Cortegada, do treito antigo da estrada OU-531 (variante V-91), do p.q. 51+260 ao 51+330, na súa marxe esquerda, xunto co seu dominio público viario.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se modifica o Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se dispón o cese de María de los Ángeles Vázquez Suárez como directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

- Decreto polo que nomea directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a María de los Ángeles Vázquez Suárez.

- Decreto polo que se nomea director xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a José David Gómez Brandariz.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se aproban as bases do concurso para o outorgamento dunha licenza para a prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva de ámbito autonómico e titularidade privada, e se procede á súa convocatoria.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón da resolución de concesión das axudas do programa Emega 2026.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento do Plan de infraestruturas universitarias no ano 2026, por un importe total de cinco millóns setecentos dezanove mil euros (5.719.000,00€), e a realización de pagamento anticipado de ata o 100% da subvención concedida.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da aprobación inicial do Plan estruturante de ordenación de solo empresarial da ampliación do parque empresarial da Sionlla (Santiago de Compostela).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da próxima sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Chantada, para a execución das obras de urbanización entre a rúa Dr. Fleming e a avenida de Lugo, por un importe de cento dez mil setecentos trinta e catro euros con dezanove céntimos (110.734,19 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

- Acordo polo que se toma razón da planificación das convocatorias en materia de vivenda para a anualidade 2027 por un importe de cento cincuenta millóns novecentos setenta e tres mil cincocentos oito euros con corenta e catro céntimos (150.973.508,44 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, para os efectos da súa remisión ao Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a eximir de garantías e a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción e ás súas entidades promotoras, e proceder a súa convocatoria para a anualidade 2027, por un importe total dun millón novecentos corenta e cinco mil euros (1.945.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Pública Galicia Europa, para o desprazamento dunha persoa empregada pública a Bruxelas en virtude da disposición adicional segunda da Lei 10/2021, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, por un importe total de vinte e dous mil trescentos cincuenta e sete euros con sesenta céntimos (22.357,60€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a tramitación do expediente de contratación do servizo, suxeito a regulación harmonizada, das operacións para a conservación integral dos Camiños de Santiago ao seu paso pola Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre o selo "Empresa comprometida coa FP dual".

- Informe sobre os novos currículos das ensinanzas de FP do sistema educativo de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

- Informe sobre situación económica e financeira das entidades locais galegas. Liquidación do exercicio 2025.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación do contrato de obras de mellora da seguridade e accesibilidade peonil na AC-542. Betanzos, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón catrocentos setenta e cinco mil setecentos noventa e catro euros con vinte e seis céntimos (1.475.794,26 €).

- Informe a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto de construción Fomento da mobilidade sostible. Itinerario peonil e ciclista na PO-552. Treitos: Carregal-área de descanso e Currás-O Torrón no concello de Tomiño, de clave PO/26/036.06, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón cincocentos setenta e un mil cincuenta euros con noventa e catro céntimos (1.571.050,94 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre o comodato realizado pola familia do pintor Manuel Prego de Oliver á Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a convocatoria de eleccións para a renovación dos membros do Pleno do Consello Regulador da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA INFORMA DE QUE A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA PARA A SÚA REMISIÓN AO PARLAMENTO

- Afirma que o texto legal aposta por pasar dun modelo de defensa reactiva a outro de loita integral e xestión estratéxica do territorio, introducindo novos conceptos como a interface urbano-forestal, que se define como aquel terreo urbano, de núcleo rural ou urbanizable, estremeiro co monte
- Tamén se potencian instrumentos como as paisaxes mosaico ou cortalumes e se fomentan melloras substanciais tanto na protección da poboación e os seus bens como na operatividade dos servizos de extinción
- Outras medidas destacadas pasan por abrir a posibilidade de duplicar as distancias de xestión de biomasa en zonas estratéxicas e dotar os axentes da potestade das ditar ordes verbais de execución inmediata sobre o terreo
- Ademais, amplíase en 30 días a época de perigo alto de lumes, que abranguerá entre o 16 de xuño e o 15 de outubro

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello da Xunta aprobou o Proxecto de lei de loita contra os incendios forestais de Galicia, como paso previo á súa remisión ao Parlamento co fin de proceder ao seu debate e aprobación, que se calcula para "os primeiros meses do vindeiro ano". O visto e prace do Goberno autonómico prodúcese despois de someter o texto legal á avaliación do Consello Forestal de Galicia.

O presidente da Xunta explicou que a futura norma aposta por un novo modelo de loita integral e xestión estratéxica do territorio, confrontado co anterior paradigma de defensa reactiva, que estaba baseado na limpeza da biomasa nas faixas e infraestruturas preventivas. Así, agora mantense a arquitectura material das faixas, pero intégrase nun sistema máis amplo de planificación e autoprotección.

É dicir, evolucionase desde o modelo de faixas cara a un de risco territorial, de tal xeito que a prevención deixa de concibirse unicamente como unha rede física e pasa a organizarse segundo unha lóxica de risco, vulnerabilidade, comportamento do lume e estrutura territorial. Isto permite que as medidas preventivas poidan variar "en función do nivel de risco dunha zona ou as características dos terreos" e non ser exclusivamente uniformes, dotando o modelo de maior axilidade e flexibilidade.

Novos conceptos na prevención
Nesta liña incorpóranse novos conceptos, como é o caso da interface urbano-forestal, que se define como aquel terreo urbano, de núcleo rural ou urbanizable con cuberta vexetal, estremeiro co monte. Nesta interface establécese que a aplicación dos criterios para a xestión da biomasa e a retirada de especies se converte nunha obriga legal directa.

Ao tempo, as novas instalacións industriais e gasolineiras en terreos agroforestais ou nesa interface urbano-forestal están obrigadas a dispor dunha rede perimetral de hidrantes para a súa autoprotección e tomas de auga homologadas.

Tamén en relación coa xestión do territorio, foméntanse instrumentos como as paisaxes mosaico ou cortalumes. As primeiras son aquelas que permiten crear descontinuidades estratéxicas de combustible mediante a configuración produtiva do territorio e os segundos establecen áreas delimitadas en puntos estratéxicos (corredores, eixes de serra) para frear grandes incendios coa implantación de actividades agrogandeiras ou a plantación de frondosas autóctonas.

Así mesmo, establécese a posibilidade de duplicar as distancias de xestión de biomasa en zonas estratéxicas, tanto nas denominadas faixas primarias (de protección de infraestruturas como estradas ou liñas eléctricas de alta tensión) como nas secundarias (núcleos de poboación e edificacións), en lugares onde o comportamento do lume sexa especialmente perigoso.

Por outra parte, dótanse os axentes da autoridade (forestais, ambientais ou dos corpos e forzas de seguridade do Estado) da potestade de ditar ordes verbais de execución inmediata sobre o terreo, tales coma o desaloxo de áreas recreativas ou o peche de camiños ante un perigo inminente, sen ter que agardar os trámites administrativos. No que atinxe á época de perigo alto de incendios, amplíase esta para establecela entre o 16 de xuño e o 15 de outubro de cada ano, é dicir, 30 días máis que na actualidade, en que este período abranguía desde o 1 de xullo ata o 30 de setembro.

Reforzo da protección dos puntos de auga e vixilancia

Outra medida con carácter innovador é a protección estratéxica de puntos de vixilancia e auga. Desta forma, a rede de puntos de auga declárase infraestrutura de seguridade pública estratéxica, o que garante o acceso a calquera servizo de emerxencia, obriga os concellos a instalar tomas compatibles nas súas redes municipais e prohibe calquera uso da auga almacenada neles que non sexa a extinción de incendios. Paralelamente, prohíbese calquera construción ou plantación nun raio de 50 metros ao redor dos postos de vixilancia do lume.

Para incentivar a colaboración con outras administracións e entidades, promóvese a cooperación activa de asociacións e comunidades de montes na vixilancia e detección e regúlanse as subvencións en especie aos entes locais, para que poidan adquirir vehículos e equipos. Na mesma liña, autorízase a concesión directa de axudas por razóns de interese público, social e humanitario no caso de incendios "extraordinarios".

Xa que logo, o proxecto márcase como grandes obxectivos os de establecer un sistema preventivo vinculado tanto ao territorio como á poboación; fomentar agricultura, gandaría extensiva, silvicultura e xestión forestal, e potenciar especialmente a autoprotección na interface urbano-forestal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Prevención en cinco premisas

O criterio da nova prevención baséase en cinco premisas. Primeiro, a planificación do risco, de forma que o mapa de risco pasa a ter unha función central: debe integrar, entre outros elementos, a distribución de combustibles, frecuencia histórica de incendios, perímetros de lumes anteriores, factores meteorolóxicos e topográficos, comportamento previsible do lume e a vulnerabilidade dos elementos expostos. Ao tempo, serve de base para determinar zonas de alto risco (ZAR) e zonas estratéxicas de xestión.

En segundo lugar, a xestión da paisaxe, con figuras como as paisaxes mosaico ou os cortalumes, a agricultura, a gandaría e o pastoreo. Terceiro, a xestión forestal preventiva, fundamentada na diversificación, a compartimentación, a silvicultura preventiva e as frondosas autóctonas.

O cuarto piar sería a protección de persoas e infraestruturas mediante faixas de seguridade, xestión da biomasa, retirada de especies, autoprotección ou hidrantes en novas zonas industriais. E, por último, a execución efectiva, con requirimentos, multas coercitivas, execución subsidiaria e actuación urxente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO NOMEA A MARGARITA SEGADE CASTRO COMO DIRECTORA XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Margarita Segade Castro como directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Margarita Segade Castro é enxeñeira técnica agrícola pola Universidade Politécnica de Madrid e funcionaria da Xunta de Galicia desde 1985. Foi xefa do Servizo de Extensión e Capacitación Agraria (2001) e do Servizo de Transferencia Tecnolóxica (2002) na Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes.

En 2003 pasou á Consellería de Medio Ambiente como xefa do Servizo de Fomento da Calidade Ambiental. En 2008 incorporouse á Consellería de Presidencia como analista de Xestión e Calidade e, en 2013, regresou a Medio Ambiente como xefa da Sección de Autorización de Produtores e Xestores de Residuos.

En 2014 foi nomeada xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas e uns anos despois pasou a dirixir o Servizo de Seguimento e Oficina Técnica na Consellería de Economía e Industria. Desde 2024 volve estar ao fronte do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, na Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Margarita Segade Castro substitúe no cargo a María José Echevarría Moreno.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A CREACIÓN DO PRIMEIRO REXISTRO GALEGO DE AUTORIZACIÓNS E CONCESIÓNS NO LITORAL E REFORZARÁ O ACCESO Á INFORMACIÓN CUN VISOR DIXITAL

- A través deste instrumento, que estará operativo antes de final de ano, garantirase unha maior transparencia e seguridade xurídica a todas as persoas, sectores e administracións con implicación nos usos e actividades que se desenvolven na costa
- O Rexistro poderá consultarse a través da páxina web *Galicia Litoral* e desde a súa entrada en vigor xa estarán dispoñibles as concesións e autorizacións outorgadas polo Goberno galego desde que asumiu as funcións e servizos para xestionar a costa
- A previsión é que progresivamente se vaian incorporando ao Rexistro tanto os títulos de ocupación novos como todas as concesións e autorizacións anteriores ao traspaso e vixentes, unha vez que se revise a documentación remitida polo Goberno central
- De forma paralela e complementaria, porase en marcha un visor no cal se poderán consultar as coordenadas e a superficie ocupada das concesións resoltas pola Xunta desde xullo de 2025, ademais dos datos sobre os servizos de temporada autorizados

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se crea o Rexistro galego de autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre (DPMT), que reforzará a información administrativa dispoñible para a cidadanía e facilitará o acceso a esta coa posta en marcha dun visor dixital.

A través deste rexistro garantiráselles unha maior transparencia e seguridade xurídica a todas as persoas, sectores e administracións con implicación nos usos e actividades que se desenvolven na costa. Así mesmo, permitirá establecer a rastrexabilidade da xestión do litoral dado que se actualizará de oficio, tanto no caso das inscricións dos títulos como no das súas modificacións. Deste xeito, a información dos títulos vinculados ao uso e á ocupación do litoral estará actualizada, ordenada e accesible.

Será de acceso público, coas garantías correspondentes en materia de protección de datos persoais, e tamén será susceptible de emitir certificacións dixitais sobre o seu contido. Ademais, as persoas interesadas poderán solicitar a rectificación ou actualización dos datos inscritos.

O Rexistro estará dispoñible na páxina web de *Galicia Litoral* a partir da súa entrada en vigor, que será 20 días despois da correspondente publicación no *Diario Oficial de Galicia*, polo que a previsión é que poida estar operativo antes de que remate o ano. Nese momento, estarán xa dispoñibles as concesións e autorizacións outorgadas polo Goberno galego desde que asumiu o traspaso das funcións e servizos para a ordenación e a xestión do litoral o ano pasado.

A previsión é que progresivamente se vaian incorporando ao rexistro tanto os títulos habilitantes relativos a novas solicitudes de ocupación da costa como todas as concesións e autorizacións anteriores ao traspaso e vixentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En todo caso, e como paso previo, será necesario revistar toda a documentación remitida a raíz da transferencia polo Goberno central, que non se recibiu de maneira unitaria, senón en sucesivos lotes, e presentaba deficiencias formais e estruturais.

Ademais, para continuar co proceso de dixitalización, simplificación e axilización efectivas da xestión do litoral, posto en marcha pola Xunta desde que asumiu plenamente as competencias nesta materia —o 1 de xullo de 2025— a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático activará un visor dixital no cal se poderá consultar toda a información dispoñible no Rexistro.

En concreto, en canto entre en vigor o Rexistro do litoral, todas as persoas ou entidades interesadas poderán consultar no visor as concesións aprobadas pola Xunta e todos os datos sobre os servizos de temporada. Neste visor ofrecerase información sobre as coordenadas e a superficie ocupada por cada concesión, o que servirá tamén para coñecer a distribución xeográfica das actividades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE, A PROL DO CONCELLO DE ARTEIXO, DUN TREITO DA ESTRADA AC-552, AO LONGO DO CENTRO SOCIAL DE LAÑAS

- Apróbase a transferencia do treito de 418 metros de lonxitude do dominio público viario, comprendido entre os puntos quilométricos 12+850 e 12+970 da citada estrada, na súa marxe dereita
- Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar neste treito e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Arteixo, dunha superficie de dominio público viario da estrada AC-552, ao longo do Centro social de Lañas.

En concreto, apróbase a transferencia do treito de 418 metros de lonxitude do dominio público viario, comprendido entre os puntos quilométricos 12+850 e 12+970 da citada estrada, na súa marxe dereita.

O traspaso deste treito do dominio público viario da AC-552 tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O Departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Arteixo terá a competencia para actuar neste treito de estrada e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA, A PROL DO CONCELLO DE CORTEGADA, DO TRAMO ANTIGO DA ESTRADA OU-531, IDENTIFICADA COMO A ESTRADA VELLA VARIANTE V-91

- Trátase dun treito de 88 metros de lonxitude que discorre integramente polo termo municipal, que xorde dunha modificación do trazado orixinal da OU-531 e que se limita a serve de vía de acceso aos predios lindeiros
- Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Cortegada, do treito antigo da estrada autonómica OU-531, xunto co seu dominio público viario.

En concreto, apróbase a transferencia do citado treito antigo solicitado polo Concello de Cortegada á Axencia Galega de Infraestruturas, identificado como a estrada vella denominada variante V-91 e situado na súa marxe esquerda da vía, entre os puntos quilométricos 51+260 e 51+330.

Este treito de 88 metros de lonxitude xurdiu como consecuencia dunha modificación no trazado orixinal da OU-531 e discorre integramente polo termo municipal de Cortegada. A súa función actual limítase a dar acceso aos predios lindeiros, polo que carece de funcionalidade dentro da rede autonómica de estradas de Galicia.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Cortegada terá a competencia para actuar neste treito antigo de estrada e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO QUE MODIFICA A ESTRUTURA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE CO OBXECTIVO DE POTENCIAR A ATENCIÓN PRIMARIA E REORDENAR AS COMPETENCIAS DA POLÍTICA FARMACÉUTICA

- O novo decreto de estrutura do Sergas configura a Dirección Xeral de Atención Primaria e Comunitaria como órgano responsable da coordinación, seguimento continuo e a correcta execución da reforma deste nivel asistencial en todo o territorio de xeito homoxéneo
- A Xerencia do Servizo Galego de Saúde adquire funcións máis transversais, como a política farmacéutica e as accións orientadas a mellorar a efectividade, calidade, seguridade e eficiencia dos servizos e prestacións
- A Dirección Xeral de Integración e Innovación Asistencial coordinará a atención hospitalaria, a conexión entre os niveis de atención sanitaria e a saúde mental incorporando unha nova unidade de medicina personalizada e resultados en saúde
- Na súa reunión semanal, o Goberno galego tamén aprobou o texto do decreto polo que se modifica a estrutura das áreas e os distritos sanitarios, para os efectos da súa remisión ao Consello Consultivo
- Coa finalidade principal de potenciar o primeiro nivel asistencial, todas as áreas sanitarias terán unha Dirección de Atención Primaria
- Unifícase nas sete áreas a estrutura directiva con competencias en materia de humanización, calidade e atención á cidadanía, mediante un posto específico que, con nivel de subdirección, dependerá directamente de cada xerencia
- No decreto das áreas e os distritos tamén se potencia o papel da enfermaría

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa reunión semanal, o decreto de modificación da estrutura do Servizo Galego de Saúde, co obxectivo de potenciar o papel da atención primaria, en liña co Plan de reforma da atención primaria e comunitaria 2026-2030, recentemente aprobado, así como para reforzar a política farmacéutica, reordenando as súas competencias e potenciando a farmacia de atención primaria e comunitaria.

A nova estrutura do Servizo Galego de Saúde vén motivada pola necesidade de adaptación aos progresivos cambios demográficos e ao notable incremento da esperanza de vida en Galicia, que deriva nunha poboación envellecida, cun alto índice de pacientes con patoloxías crónicas que demandan maior atención.

Este escenario clínico-asistencial require dunha estratexia de intervención proactiva, integral e de máxima proximidade, e de aí a importancia da recente creación da Dirección Xeral de Atención Primaria e Comunitaria dentro da estrutura do Servizo Galego de Saúde.

Ademais, con esta reforma o Goberno galego dá cumprimento á resolución do Parlamento, no marco do debate sobre política social, que instaba a Xunta a impulsar unha reforma integral da atención primaria, reforzando a súa estrutura de gobernanza.

Xunto co anterior, o volume e a relevancia que adquiriron materias como a política farmacéutica, especialmente ante o reto do uso racional do medicamento e o impacto nos orzamentos da innovación terapéutica, fan idóneo un cambio de adscrición orgánica desta materia, que pasa a depender directamente da Xerencia do Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Farmacia.

Así, a Xerencia do Servizo Galego de Saúde adquire funcións máis transversais, asumindo, ademais da política farmacéutica, as accións orientadas a mellorar a efectividade, calidade, seguridade e eficiencia dos servizos e prestacións.

Órgano de coordinación

A Consellería de Sanidade publicou o pasado mes de xuño o decreto en que se creaba a nova Dirección Xeral de Atención Primaria e Comunitaria do Sergas, que adecúa este nivel asistencial á nova realidade sociodemográfica, deixando para un decreto posterior o desenvolvemento da estrutura, o que se leva a efecto agora coa aprobación do decreto de modificación que hoxe aprobou o Goberno galego.

Deste xeito, co novo decreto configúrase a Dirección Xeral de Atención Primaria e Comunitaria como órgano responsable da coordinación, seguimento continuo e a correcta execución da reforma en todo o territorio de xeito homoxéneo, liderando a estratexia de proximidade e a centralidade do Sistema público de saúde galego.

Para o desenvolvemento das súas funcións, contará con dúas subdireccións. Por un lado, a de Xestión Asistencial e Ordenación de Profesionais e Recursos de Atención Primaria, que, entre outras funcións, coordinará a elaboración dos obxectivos asistencias dos acordos de xestión e realizará o seu seguimento. Esta subdirección contará, pola súa vez, cun servizo de xestión asistencial e outro de ordenación de profesionais sanitarios e recursos asistenciais.

A segunda das subdireccións é a de Atención Comunitaria e Calidade Asistencial de Atención Primaria, que, entre outras funcións, terá o impulso da implantación de programas de intervención comunitaria e actuacións de atención domiciliaria, accesibilidade e proximidade. Esta subdirección contará co servizo de atención comunitaria e calidade e continuidade asistencial.

Ademais, adscríbese a esta Dirección Xeral o Consello Técnico de Atención Primaria, órgano colexiado de consulta, diálogo e validación das medidas de transformación que se vaian despregar na nosa comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Reordenación das competencias farmacéuticas
No que respecta á política farmacéutica, esta materia pasa a depender da Xerencia do Sergas, co que se garante que as directrices de eficiencia e seguridade vinculen con idéntica forza hospitais e centros de saúde. Tamén garante axilidade e capacidade de control global, ao ter a Xerencia unha visión macroscópica e unificadora de todo o sistema público de saúde.

En consecuencia, a Xunta realiza unha reforma completa neste eido para potenciar a farmacia de atención primaria e comunitaria, de modo que a Subdirección Xeral de Farmacia seguirá a contar con tres servizos, pero ordénanse as súas competencias de maneira máis racional, atendendo á diferenciación entre farmacia comunitaria e a hospitalaria, e deixando para un terceiro servizo as materias de prestacións e seguridade.

Ademais, a prestación farmacéutica constitúe unha área estratéxica cuxas prestacións, circuítos, fluxos de pacientes e recursos interactúan de maneira constante e simultánea tanto en primaria como en hospitalaria, polo que non debe quedar adscrita de forma estrita en ningunha das direccións xerais.

No que atinxe á Dirección Xeral de Integración e Innovación Asistencial, pasa a ser o órgano responsable do modelo de integración asistencial entre a atención primaria e a atención hospitalaria do Sergas, así como da coordinación global dos procesos asistenciais das áreas sanitarias e dos centros hospitalarios, e do impulso da innovación asistencial e a saúde mental.

Para o exercicio das súas funcións, esta dirección xeral contará coas subdirección xerais de Atención Hospitalaria, de Integración Asistencial e Innovación, e de Atención á Saúde Mental.

Tamén contará coa Unidade de Procesos de Enfermaría e a Unidade de Medicina personalizada, resultados en saúde e evidencia en vida real, destinada esta última a impulsar actuacións nos ámbitos asistenciais máis innovadores e de vangarda entre os previstos na Estratexia galega de saúde 2030, como son unha medicina personalizada e de precisión ou a avaliación de resultados en saúde.

Regulación das áreas e dos distritos sanitarios
Na reunión semanal, o Goberno galego tamén aprobou o proxecto de decreto polo que se modifica a estrutura das áreas e os distritos sanitarios, para os efectos da súa remisión ao Consello Consultivo.

Así, e coa finalidade principal de potenciar a atención primaria, o decreto establece que todas as áreas sanitarias contarán cunha Dirección de Atención Primaria que pasará a denominarse de Atención Primaria e Comunitaria e a depender directamente da Xerencia de cada área.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as competencias da nova Dirección de Atención Primaria e Comunitaria estará xestionar a demanda de servizos sanitarios neste ámbito, garantindo o desenvolvemento das actuacións de promoción da saúde e prevención da enfermidade e fomentando a capacidade de resolución deste nivel asistencial, en coordinación cos xefes de servizo das unidades de atención primaria. Tamén supervisará a organización das axendas e realizará o seu seguimento para unha correcta xestión das prestacións.

Ademais, co obxectivo de potenciar a enfermaría, a Dirección desta especialidade, que se denominará Dirección de Enfermaría e Coidados, pasará tamén a depender de forma directa da Xerencia da área sanitaria correspondente. Entre as súas funcións, o texto recolle a de impulsar a continuidade dos coidados, a coordinación entre niveis asistenciais, a xestión de casos e a participación da enfermaría nos programas transversais de saúde, especialmente nos ámbitos da cronicidade, prevención, promoción da saúde, seguridade do paciente, atención comunitaria, vacinación e inmunización.

Así pois, o novo texto engade, ademais das funcións da Dirección de Enfermaría e Coidados, as da Dirección de Procesos de Soporte.

Concretamente, a Dirección de Procesos de Soporte terá entre as súas funcións a de controlar e avaliar a actividade asistencial, así como desenvolver plans para a redución das listas de espera; analizar os indicadores de actividade e a adecuación e o funcionamento dos dispositivos asistenciais; analizar e controlar os recursos asistenciais necesarios para garantir a oferta asistencial; coordinar, avaliar e realizar o seguimento da prestación farmacéutica, e calquera outra función que lle sexa encomendada ou delegada pola Xerencia.

Deste xeito, todos os postos de nivel de dirección no ámbito asistencial e da xestión, dependentes da Xerencia, contarán cun ámbito funcional da estrutura directiva regulado neste decreto.

Ademais, e co fin de incrementar as funcións de coordinación das xerencias das sete áreas, créase a figura da Vicexerencia en cada unha delas, como órgano específico de apoio á persoa titular da Xerencia, tendo en conta que no novo texto se prescinde da Dirección Asistencial.

Xunto co anterior, unifícase nas sete áreas a estrutura directiva con competencias en materia de humanización, calidade e atención á cidadanía, mediante un posto específico que, con nivel de subdirección, dependerá directamente de cada Xerencia.

Finalmente, ante a próxima ampliación da carteira de servizos da Sanidade pública coa inclusión da protonterapia, a modificación do decreto inclúe a creación do Centro de Protonterapia de Galicia como unidade asistencial de alta especialización e cun posto directivo específico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este centro exercerá as funcións de administrar tratamentos oncolóxicos de alta precisión mediante a utilización de feixes de protóns e de contribuír ao avance da oncoloxía radioterápica mediante a realización de ensaios clínicos e investigación translacional en radiobioloxía e física médica para avaliar a eficacia da protonterapia en diferentes tipos de tumores.

O centro prestará servizos para o conxunto de Galicia e para servizos de saúde doutras comunidades autónomas e o norte de Portugal, de conformidade cos compromisos adquiridos en distintas colaboracións para a implantación da protonterapia no Sistema nacional de saúde.

Seguirá os criterios de planificación e directrices de actuación que determine a Consellería de Sanidade a través da Xerencia do Servizo Galego de Saúde e, atendendo á súa situación, a carón do Hospital Clínico Universitario da capital de Galicia, integrarase organicamente na estrutura da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ÁNGELES VÁZQUEZ SUÁREZ COMO DIRECTORA XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA DA CONSELLERÍA DO MAR

Desde xuño de 2025 exercía como directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e anteriormente, entre outros cargos, fora subdirectora xeral de Acuicultura

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Ángeles Suárez Vázquez como directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, a onde accede desde o posto de directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, que viña desempeñando desde xuño de 2025.

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), Vázquez Suárez é funcionaria de carreira do corpo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, desde o ano 2005.

A súa longa traxectoria na administración autonómica comezou no Instituto Galego de Consumo onde foi xefa do Servizo de información, Cooperación e Fomento ata o ano 2009. Desde 2012 desenvolveu labores xurídicas na Consellería do Medio Rural e do Mar, e en 2015 desenvolveu labores de xefa do Servizo de Planificación e Xestión da Acuicultura. Entre 2017 e 2021 foi subdirectora xeral de Acuicultura, para logo desempeñar funcións no Instituto de Estudos do Territorio, á fronte do Servizo Xurídico-Administrativo.

Ánxeles Vázquez tomará o relevo na dirección xeral que deixa Isaac Rosón Sánchez-Brunete, que acaba de ser nomeado secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A DAVID GÓMEZ BRANDARIZ COMO DIRECTOR XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO DA CONSELLERÍA DO MAR

Na actualidade era o subdirector xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais dentro da mesma Dirección Xeral que agora asume e, con anterioridade, ocupara diferentes postos de responsabilidade dentro da Consellería

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de David Gómez Brandariz como director xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, en substitución de Ángeles V. Suárez, que pasa a asumir a dirección xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e máster en Ciencia, Tecnoloxía e Xestión Ambiental pola mesma universidade, Gómez Brandariz desenvolveu boa parte da súa carreira profesional na Consellería do Mar, ocupando diferentes postos de responsabilidade e contando cunha experiencia directa nos ámbitos da xestión dos recursos mariños, o marisqueo e o ensino náutico-pesqueiro.

Desde maio de 2026 desempeñaba o cargo de subdirector xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais. Con anterioridade, foi xefe do Servizo de Xestión dos Recursos Marisqueiros e xefe da Sección de Marisqueo, ademais de técnico de Medio Mariño e técnico facultativo de Recursos Mariños.

A súa traxectoria na administración autonómica inclúe a xefatura da Sección de Programación do Ensino Náutico-Pesqueiro, entre 2017 e 2023, e a do Servizo de Patrimonio Natural da anteriormente denominada Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Tamén traballou como biólogo nas confrarías de pescadores do Vicedo e Celeiro e como axente de extensión pesqueira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO APROBA AS BASES E A CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA UNHA LICENZA AUTONÓMICA DE TDT PRIVADA

O Consello da Xunta de Galicia adoptou, na súa reunión de hoxe, un acordo polo que se aproban as bases e a convocatoria do concurso público para outorgar unha licenza autonómica de televisión dixital terrestre (TDT) de titularidade privada, vacante tras a renuncia do seu anterior titular.

As solicitudes que concorran a este proceso serán avaliadas en función de tres criterios principais: a calidade e contidos da proposta de programación, a viabilidade económica e financeira do proxecto, así como a solvencia técnica e tecnolóxica para garantir emisións baixo os actuais estándares de calidade.

Segundo recolle a normativa vixente, o procedemento terá un prazo máximo de resolución de 12 meses desde a súa convocatoria. As entidades interesadas deberán presentar unha garantía provisional. A adxudicataria final deberá abonar a taxa correspondente previo inicio das emisións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 5 M€ PARA APOIAR PRETO DE 400 PROXECTOS DE EMPRENDEMENTO FEMININOS COS CALES SE CREAN AO REDOR DE 670 EMPREGOS

- A orde de axudas do programa Emega 2026 presta especial atención ás mulleres que emprenden no rural, ás maiores de 55 anos e a aquelas que desenvolven a súa actividade empresarial en sectores tradicionalmente masculinizados
- Mantéñense as modalidades de subvención de convocatorias anteriores: Emerxe, Impulsa e Innova, con achegas entre os 8.000 e os 42.000 euros, e Concilia, con 5.000 euros, dirixida a favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral

O Consello da Xunta acordou hoxe a toma de razón da resolución das axudas do programa Emega 2026 para o fomento do emprendemento feminino, que conta cun orzamento de preto de 5 millóns de euros. A través desta convocatoria financianse preto de 400 proxectos emprendedores constituídos por mulleres e incentívase a creación ou o mantemento duns 670 empregos por conta propia ou por conta allea para mulleres.

Na concesión destas axudas prestouse especial atención ao apoio a mulleres que emprenden no rural, con obxectivo de contribuír a fixar poboación nel; ás maiores de 55 anos, polas súas especiais dificultades para a inserción laboral por conta allea; e a aquelas que desenvolven a súa actividade empresarial en sectores tradicionalmente masculinizados.

Ademais de apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais lideradas por mulleres, o programa Emega inclúe medidas complementarias para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e recolle o acceso a servizos específicos de información e asesoramento empresarial para facilitar a implantación e a consolidación dos seus proxectos empresariais.

Así mesmo, o programa fomenta a colaboración e o traballo en rede entre as mulleres que desenvolvan iniciativas emprendedoras, a través de encontros, titorías e mentorizacións que poidan crear sinerxías cara a futuros emprendementos conxuntos. Estas achegas tamén promoven a creación e consolidación de empresas constituídas a través da unión dos seus proxectos emprendedores.

Modalidades das axudas
Ao igual que en anteriores edicións, a convocatoria deste ano mantén catro modalidades de axuda. A primeira é Emega Emerxe, con contías de entre 10.000 e 22.000 euros, para apoiar novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea.

A segunda modalidade é Emega Impulsa, cunha subvención de entre 8.000 e 17.000 euros, para favorecer a reactivación e a consolidación de empresas constituídas por

mulleres, así como a implantación de medidas innovadoras para a mellora da competitividade. A terceira modalidade de achega, Emega Innova, con contías de entre 18.000 e 42.000 euros, está destinada ao desenvolvemento de iniciativas empresariais con contido científico ou con base tecnolóxica.

Por último, Emega Concilia é unha axuda complementaria ás tres anteriores coa cal se pretende promover a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral tanto das mulleres promotoras da iniciativa empresarial, cunha contía de 3.000 euros, como das traballadoras por conta allea, con 5.000 euros.

Unha vez que o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publique a resolución das axudas, que están cofinanciadas nun 60% pola Unión Europea, as empresas terán ata o 27 de novembro para presentaren a documentación xustificativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETA A ACHEGA Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CONSTRUCIÓN DA NOVA FACULTADE DE FARMACIA

O Consello da Xunta autoriza o último convenio do Plan de infraestruturas universitarias asinado coa USC, a través do cal se destinan case 4,1 M€ máis a esta obra

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura do último convenio do Plan de infraestruturas universitarias entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e a Universidade de Santiago de Compostela. Deste xeito, cunha nova partida de case 4,1 M€ complétase a achega do Goberno galego para a construción da nova Facultade de Farmacia, que a Universidade escolleu como infraestrutura prioritaria na aplicación deste plan.

O importe total do convenio asinado entre o Goberno galego e a USC é de 16,3 M€, cos cales a Xunta achega ao redor da metade do investimento da Universidade neste edificio. A estrutura é modular e flexible, con espazos dedicados a aulario, biblioteca, área de goberno, espazos para a administración e servizos auxiliares, laboratorios de prácticas e áreas de investigación, non segmentadas por centro senón por uso. É tamén un edificio enerxeticamente eficiente, cunha baixa demanda e con produción propia de enerxía mediante fontes renovables.

Ademais, con cargo a este plan a Universidade de Santiago de Compostela acometeu tamén obras de mellora na Facultade de Medicina e de rehabilitación na de Química.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA AMPLIACIÓN DE SOLO INDUSTRIAL NO CONCELLO DE SANTIAGO, QUE DISPORÁ DE 383.000 M² MÁIS DE SUPERFICIE NO PARQUE EMPRESARIAL DA SIONLLA

O Goberno galego avaliou hoxe o Plan estruturante de ordenación de solo empresarial (PEOSE) para acometer a ampliación deste polígono industrial

O Consello da Xunta avaliou hoxe o Plan estruturante de ordenación de solo empresarial (PEOSE) para ampliar o parque empresarial da Sionlla en Santiago de Compostela, que permitirá incrementar a súa superficie en case 383.000 m², que actualmente é de 1,4 millóns de metros cadrados. Para esta actuación, a sociedade Xestión do Solo de Galicia (Xestur) destinará 28,1 millóns de euros.

Ademais, de xeito paralelo, a Xunta traballa xa na licitación do contrato de redacción do proxecto de expropiación dos terreos coa previsión de poder licitalo nos vindeiros meses. Así, unha vez que o instrumento de planeamento se aprobe de xeito definitivo o vindeiro ano, poderase continuar coa tramitación do proxecto de urbanización e, posteriormente, coa licitación e execución das obras do polígono industrial.

Esta ampliación dotará a Santiago de Compostela dunha oferta ordenada de solo empresarial, o que favorecerá a implantación de novas empresas e o crecemento das que xa están instaladas alí, a fixación de actividade económica e tamén a xeración de emprego, tendo en conta que o parque da Sionlla está situado a carón da AP-9 (eixe Atlántico) e da A-54 que comunica Santiago de Compostela con Lugo, enlazando aquí coa A-6, un dos principais eixes que comunican Galicia coa Meseta. Ademais, a ampliación sitúase a 10 km do Aeroporto Rosalía de Castro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE CHANTADA PARA A URBANIZACIÓN ENTRE A RÚA DOUTOR FLEMING E A AVENIDA DE LUGO

— Esta actuación suporá un investimento de case 111.000 euros, dos cales a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas asume o 70%, máis de 77.000 euros, así como a contratación e execución dos traballos
— Esta intervención realizase ao abeiro do Plan Hurbe e prevé a pavimentación e urbanización da vía, a adecuación da beirarrúa e calzada na rúa Doutor Fleming, a mellora das condicións de accesibilidade e a creación de áreas de estancia e descanso

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Chantada para obras de urbanización entre a rúa Doutor Fleming e a avenida de Lugo. O investimento nesta actuación é de preto de 111.000 euros e enmárcase no Plan Hurbe da Xunta.

A Administración autonómica achegará o 70% do montante total deste orzamento, máis de 77.000 euros, e encargarase da contratación e execución dos traballos. Pola súa banda, o Concello asumirá o 30% restante do custo da actuación, algo máis de 33.000 euros, e realizará as xestións necesarias para posibilitar a realización das tarefas e incorporar ao patrimonio público municipal as intervencións que se acometan.

O proxecto consistirá na pavimentación da vía e a súa correspondente urbanización, na adecuación do encontro con beirarrúa e calzada en Doutor Fleming, e na mellora do acceso peonil a portais e do acceso rodado a garaxes. Así mesmo, melloraranse as condicións de accesibilidade da rúa e do primeiro tramo de escaleiras coa avenida de Lugo, e crearanse áreas de estancia e descanso.

Este acordo, con efectos a partir da data da súa sinatura, estará vixente ata o 31 de decembro de 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Imaxes e planos da zona da actuación no concello de Chantada:

PLANO REPRESENTATIVO



FOTO REPRESENTATIVA



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 150 M€ Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ACCESO Á VIVENDA E REHABILITACIÓN EN 2027

- Salienta que isto supón "multiplicar por catro" a achegas neste eido, respecto a este ano 2026
- 83,1 M€ serán axudas para facilitar o acceso a un fogar e 67,7 para promover a rehabilitación
- As axudas fináncianse con fondos propios da Xunta, fondos do Plan estatal de vivenda, cofinanciado polas arcas autonómicas ao 40%, e fondos europeos
- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas salienta que se fará especial fincapé nos apoios "á mocidade e nas zonas rurais"
- Nove das 19 liñas de achegas previstas convocaranse por anticipado de gasto, publicaranse antes de que remate este ano, con prazo de presentación de solicitudes a comezos de 2027

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu o visto e prace a "destinar máis de 150 millóns de euros a diferentes liñas de axuda" en materia de vivenda para o vindeiro ano. "Isto supón multiplicar por catro as achegas, no marco do Plan de Vivenda de Galicia 2026-2030", indicou.

En concreto, serán 150,9 millóns de euros, dos cales 83,1 millóns estarán destinados a axudas para facilitar o acceso a un fogar e 67,7 a promover a rehabilitación, dirixidas tanto "a particulares, como comunidades de veciños, cooperativas ou concellos". "Facendo especial fincapé na mocidade e nas zonas rurais", segundo indicou a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue.

En total, serán 19 liñas de axudas as que se convoquen, nove delas destinadas a acceso á vivenda e dez a rehabilitación. De todas elas, nove liñas de axudas serán publicadas xa antes de que remate este ano, aínda que o prazo de presentación de solicitudes se iniciará a comezos de 2027. As outras dez liñas de axudas convocaranse a comezos de 2027.

O acceso á vivenda comprende apoios para a promoción de vivenda accesible (26,68 M€), entre os que se inclúen unha nova liña por 7 M€ dirixida aos concellos para que poidan promover vivenda protexida. Ademais, este eixo inclúe axudas para o pagamento do alugamento de vivendas (10 M€), Bono de alugueiro social (17,2 M€), axudas a entidades de iniciativa social para proxectos de acceso á vivenda (14,1 M€, dos cales o IGVS xestionará 8,3 millóns e o resto a Consellería de Política Social e Igualdade).

Tamén inclúe axudas para adquisición de vivenda (2 M€), para compra ou autopromoción de vivenda en concellos de menos de 10.000 habitantes (2,8 M€), para adquisición de vivenda por organizacións sen ánimo de lucro para destinalas a alugamento accesible ou cesión de uso (152.000 €), axudas do Fondo de cooperación cos concellos para

promoción de vivenda protexida de nova construción (5,1 M€) e avais para adquisición de vivenda (avais ata 5 M€).

Rehabilitación
Polo que respecta á rehabilitación, tal e como explicou a conselleira,"hai axudas para os particulares e para os concellos".

No primeiro caso haberá axudas para rehabilitación de vivendas en concellos rurais de menos de 5.000 habitantes (5 M€) "de ata 30.000 € por vivenda", rehabilitación integral de edificios de vivendas e nas propias vivendas (23 M€), programa Fogar Vivo de mobilización de vivendas para alugamento (2,89 M€), áreas de rehabilitación dos Camiños de Santiago e da Ribeira Sacra (2 M€) e axudas a comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública (1 M€).

Polo que respecta a axudas aos concellos ou tramitadas por estas administracións locais, están os programas de rehabilitación de edificacións e vivendas de titularidade municipal (2,16 M€), infravivenda (0,37 M€), ás áreas de rehabilitación integral (ARI) e áreas Rexurbe (14,45 M€), o Fondo de cooperación cos concellos para a rehabilitación e conservación do patrimonio construído (11,9 M€) e o Fondo Rexurbe para proxectos de intervención integral nas áreas Rexurbe (5 M€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O COMPROMISO COA INSERCIÓN LABORAL DAS PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL CUNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS POR 1,9 M€

- O Consello autorizou hoxe a orde 2027 destas achegas, que se convocan todos os anos e dirixidas ás entidades inscritas no Rexistro Administrativo das Empresas de Inserción de Galicia
- A orde prevé apoios para o mantemento do custo salarial das persoas traballadoras en proceso de inserción, subvencionando o 100 % do salario mínimo interprofesional
- Tamén inclúe incentivos para favorecer a inserción definitiva no mercado laboral, con axudas de ata 6.000 euros pola contratación indefinida en empresas ordinarias, o inicio dunha actividade por conta propia ou a súa incorporación a unha cooperativa
- Ademais, a convocatoria establece axudas para impulsar a creación de empresas de inserción, apoiar a xestión e dirección das novas entidades e favorecer a contratación de persoal técnico en orientación
- A medida enmárcase nos obxectivos da Estratexia galega de economía social: horizonte 2027, que prioriza tanto o reforzo da integración laboral de colectivos con especiais dificultades como o pulo ás entidades que traballan a prol dos mesmos

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria de axudas 2027 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para promover a inserción sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social mediante incentivos ás empresas de inserción laboral (EI) e ás súas entidades promotoras que teñan centros en Galicia. A orde, que se convoca todos os anos, contará un orzamento inicial de 1,9 M€.

O programa ten como finalidade a mellora da empregabilidade e o establecemento de medidas para a inserción normalizada no mercado de traballo, en liña cos obxectivos da Estratexia galega da economía social: horizonte 2027, que prioriza —por unha banda— o reforzo dos programas de creación de emprego, con especial atención á integración de colectivos con especiais dificultades como as persoas que están en situación ou risco de exclusión —e por outra— as entidades que traballan para a súa integración laboral.

Estímase que arredor dunha vintena de empresas de inserción laboral inscritas no Rexistro Administrativo das Empresas de Inserción de Galicia poderán beneficiarse destas axudas, que lles permitirán dar emprego a unhas 190 persoas en risco ou en situación de exclusión social, así como contratar arredor de 15 persoas para postos de carácter técnico ou directivo.

Está previsto que a nova orde se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) ao longo do mes de novembro e convocatoria permanecerá aberta deica o 30 de agosto de 2027.

Detalles da convocatoria

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A orde estrutúrase en dous programas diferenciados. O Programa I céntrase no mantemento do custo salarial das persoas traballadoras en proceso de inserción, subvencionando o 100 % do salario mínimo interprofesional mensual e en proporción á xornada realizada. Pola súa banda, o Programa II busca compensar os custos adicionais derivados do emprego destas persoas.

Concretamente, o Programa II articúlase en sete liñas de axuda que abranguen desde a asistencia técnica para a creación, mellora ou diversificación das empresas de inserción, ata o inicio e posta en marcha da actividade, a creación e ampliación de novos postos de traballo, a contratación de persoal xerente, técnico de produción e de orientación laboral, a formación das persoas en inserción e a mediación para a súa incorporación ao mercado laboral ordinario. As axudas poden acadar, con carácter xeral, ata o 80 % dos gastos subvencionables, con contías máximas que chegan, por exemplo, aos 12.000 euros por posto de traballo creado, podendo incrementarse ata 21.000 euros no caso de mulleres, persoas maiores de 45 anos ou centros situados en concellos rurais.

Ademais, prevense incentivos específicos para favorecer a inserción definitiva no mercado laboral, con axudas de ata 6.000 euros pola contratación indefinida en empresas ordinarias, pola transformación en indefinido ou polo inicio dunha actividade por conta propia ou incorporación a cooperativas. As entidades beneficiarias poderán recibir anticipos de ata o 90 % da subvención concedida, co fin de facilitar a execución das actuacións e reforzar o impacto social e laboral destas iniciativas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN NOVO CONVENIO COA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA PARA REFORZAR A DEFENSA DO SECTOR PESQUEIRO GALEGO EN BRUXELAS

- Establece a continuidade dunha persoa empregada pública da Consellería do Mar na sede da Fundación durante seis meses, cun orzamento de 22.357,60 €
- Permitirá manter o seguimento das políticas comunitarias e a participación de Galicia nos principais foros europeos de interese para o sector marítimo-pesqueiro

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Pública Galicia Europa (FGE) para a continuidade dunha persoa empregada pública na oficina que esta entidade ten en Bruxelas. O acordo, cun orzamento de 22.357,60 euros, permitirá manter a presenza institucional de Galicia nos procesos de elaboración e debate das políticas europeas que afectan o sector marítimo-pesqueiro galego.

Esta iniciativa responde á necesidade de manter unha interlocución permanente coas institucións comunitarias nun contexto de especial relevancia para o futuro da política pesqueira común (PPC), e das iniciativas lexislativas, estratéxicas e financeiras que inciden na actividade pesqueira e acuícola.

A presenza dunha persoa da Consellería do Mar en Bruxelas permite realizar un seguimento directo e pormenorizado dos procesos institucionais e lexislativos da Unión Europea, identificar iniciativas de interese para Galicia e colaborar na elaboración de propostas, emendas e documentos de posición que recollan as necesidades e prioridades do sector.

Entre as súas funcións tamén se encontra a participación nos traballos do Comité Europeo das Rexións (CdR) e da Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas (CRPM), especialmente na Comisión do Arco Atlántico e no Grupo de Pesca, que neste momento preside a propia Xunta de Galicia. Así mesmo, realizará o seguimento dos consellos consultivos pesqueiros e promoverá a coordinación con outras rexións costeiras europeas e organizacións representativas do sector.

Deste xeito, a colaboración coa Fundación Galicia Europa facilitará unha comunicación continua entre Bruxelas e a Consellería do Mar, así como a preparación técnica das posicións galegas e a defensa dos intereses do sector nos procesos de toma de decisións comunitarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INFORMA SOBRE A PRÓXIMA LICITACIÓN DO NOVO CONTRATO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO

- O Consello da Xunta foi informado do expediente de contratación de case 14M€ para os vindeiros dous anos, prorrogables un máis, polo que ten un valor estimado de preto de 20M€
- Divídese en oito lotes para atender á totalidade dos itinerarios xacobeos, e as empresas que se presenten realizarán actuacións periódicas de atención de incidencias na traza, roza, limpeza de elementos de drenaxe e reparación da sinalización, entre outras actuacións.
- A iniciativa enmárcase no compromiso da Xunta por garantir a boa atención aos peregrinos, cuxa chegada medra a un ritmo do 8%, e seguir planificándose para o Xacobeo 2027

O Consello da Xunta foi informado hoxe da próxima tramitación do expediente de contratación do servizo para a conservación integral dos Camiños de Santiago ao seu paso por Galicia. O expediente, que será tramitado por procedemento aberto e pluralidade de criterios, conta cun orzamento de licitación de case 14 millóns de euros para os vindeiros dous anos prorrogables a un máis. Tendo en conta as prórrogas, o valor estimado do contrato ascende a preto de 20 millóns de euros.

A próxima licitación permitirá que as empresas se presenten ao proceso en canto se publique na plataforma de contratación coa previsión de que estea adxudicado a comezos de ano.

As actuacións teñen como obxectivo garantir que a totalidade da rede de itinerarios xacobeos se manteña nas condicións adecuadas para o tránsito dos peregrinos, mediante a execución das operacións, tarefas e atencións periódicas necesarias para todos os treitos que pertencen ao Camiño de Santiago. Para iso, a contratación estrutúrase en oito lotes correspondentes ao Camiño Francés, o Camiño de Inverno, o Camiño Mozárabe-Vía da Prata, o Camiño Portugués e a súa variante pola Costa (agrupados nun mesmo lote), o Camiño de Fisterra-Muxía, o Camiño Inglés, o Camiño do Norte e o Camiño Primitivo.

Intervencións ordinarias e de urxencia

Entre as actuacións previstas figuran traballos de vixilancia que incluirán percorridos periódicos polos distintos itinerarios para identificar posibles defectos ou incidencias na conservación dos elementos que forman parte da rede xacobea, para evitar o deterioro dos camiños.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O contrato contempla tamén intervencións de urxencia para resolver incidencias que poidan afectar á seguridade ou á circulación dos peregrinos. Entre elas inclúense a limpeza de vertidos accidentais, a retirada de animais mortos e de árbores caídas sobre os itinerarios, así como a limpeza de desprendementos ocasionais.

A estas tarefas súmanse labores habituais de conservación, como a roza e limpeza da vexetación, a poda de árbores no ámbito dos camiños, a inspección e limpeza de arquetas, canos e sumidoiros, así como a reparación e mellora da sinalización.

Esta nova contratación, que se financiará con cargo aos orzamentos dos anos 2027, 2028 e 2029, enmárcase nas actuacións previstas no Plan director dos Camiños de Santiago e no compromiso da Xunta de Galicia de garantir unha atención adecuada aos peregrinos e manter a rede xacobea nas mellores condicións. Unha planificación especialmente relevante ante o incremento das chegadas a Compostela, que medran a un ritmo do 8%, e a proximidade do Xacobeo 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DOTA A FORMACIÓN PROFESIONAL DUN NOVO MARCO CURRICULAR E CREA UN SELO PARA AS EMPRESAS COMPROMETIDAS COA FP DUAL

- Rueda resalta que a nova normativa desenvolve o decreto de FP "aprobado o pasado mes de marzo"
- Destaca que a Xunta crea un distintivo para "recoñecer ás empresas máis implicadas" con estas ensinanzas
- As empresas recoñecidas terán certas vantaxes como, por exemplo, que o seu persoal terá prioridade para incorporarse como profesorado experto, asociado e sénior

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Goberno autonómico prevé publicar antes de que remate o ano a nova normativa de desenvolvemento do decreto de FP, aprobado este ano, para actualizar os currículos destas ensinanzas e incorporar tres novas figuras docentes.

Así se recolle nos informes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP analizados hoxe polo Consello da Xunta, que abordan tanto esta nova regulación como o lanzamento da primeira convocatoria do selo Empresa comprometida coa FP dual, "un distintivo para recoñecer ás empresas máis implicadas con estas ensinanzas", que acreditará o seu traballo e que implicará beneficios.

Cómpre lembrar que os cambios introducidos pola nova lei estatal de FP obrigaron a modificar a normativa galega reguladora destas ensinanzas. Unha vez publicado en marzo deste ano o Decreto 20/2026 polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, a Consellería de Educación procede agora a actualizar os contidos concretos dos currículos dos ciclos formativos e másteres de FP.

A nova normativa afecta un total de 206 titulacións das 26 familias profesionais implantadas en Galicia en máis de 270 centros, coa participación de máis de 4.800 docentes e 75.383 alumnos. Recolle os novos módulos e figuras docentes da FP galega introducidas no novo decreto, así como a investigación e innovación aplicada nestas ensinanzas. Facilitará, así mesmo, a planificación da actividade docente e a organización académica, reforzará a formación práctica na empresa e a prevención de riscos laborais, e incorporará novas metodoloxías activas, flexibles e de atención á diversidade.

Este desenvolvemento normativo faise a través de catro ordes, unha para cada grao (básico, medio e superior) e outra para os cursos de especialización e másteres, que configuran un modelo formativo máis flexible. O formato escollido, as ordes, permite actualizar os currículos con maior axilidade cando evolucione a normativa básica ou as

necesidades dos sectores produtivos galegos. Deste xeito, consolídase un modelo de FP máis competencial, innovador e conectado coa realidade.

Módulos personalizados
As ordes enmarcan os módulos xa incorporados nos dous últimos cursos á FP en resposta ás necesidades de Galicia e, segundo resaltou Rueda, "reforza a autonomía dos centros que son os máis preparados para saber as necesidades da contorna". No que atinxe ao de Habilidades comunicativas en lingua estranxeira, establécese que o centro é quen decide o idioma de impartición en cada ciclo de acordo co seu proxecto lingüístico, mentres que no módulo de Afondamento nas competencias profesionais, cada centro poderá determinar o contido, incluíndo capacitacións ou habilitacións profesionais, habilidades brandas, aprendizaxe dunha lingua estranxeira ou calquera outra formación propia que complemente o perfil do ciclo formativo. Esta autonomía, que xa se está a aplicar, permítelles aos centros adaptar o currículo ás características do contorno socioprodutivo.

Tamén se inclúen os módulos definidos na norma básica estatal, en concreto os de Itinerario persoal para a empregabilidade, Dixitalización aplicada aos sectores produtivos, Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo, Proxecto intermodular e Inglés profesional.

Para facilitar a planificación e ordenación académica, a duración e distribución dos módulos queda marcada polas ordes da Consellería, incluíndo a fase de formación en empresa como parte integrada do currículo de cada oferta formativa, distribuíndo o currículo entre o centro e a empresa. Neste ámbito tamén se inclúe en todos os ciclos, dentro do módulo de Itinerario persoal para a empregabilidade, formación en prevención de riscos laborais que, xunto co resto dos módulos, lle permite ao alumnado obter a certificación do nivel básico desta materia.

Persoas expertas na docencia
O novo decreto de FP introduciu tres novas figuras na docencia para achegala á realidade das empresas, a modo de profesores asociados investigadores. As novas ordes determinarán o procedemento para a súa contratación, establecendo que os centros públicos poderán realizar proposta dos perfís profesionais que precisen.

En primeiro lugar, tal e como explicou Rueda, a figura do persoal experto do sector produtivo nos centros públicos refírese a persoas que conten cun recoñecido prestixio profesional ou presten os seus servizos en empresas de importancia significativa para os sectores produtivos galegos, "que impartirán clase en másteres de FP" e en ofertas e alta especialización. Estes profesionais contribuirán ao apoio de accións de investigación e innovación aplicada nos centros en que dean clase, así como no Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros, cuxa continuidade tamén garante a nova normativa.

En segundo termo, o caso das persoas profesionais expertas, con dominio específico no ámbito do seu sector produtivo e non necesariamente tituladas, poderán impartir clases en FP cando se requira para cubrir posibles necesidades de formación. Por último, as persoas expertas sénior de empresa son profesionais que se poden acoller a unha redución parcial de xornada na súa empresa nos anos previos á súa xubilación ou en xubilación parcial. Poderán contratarse para cubrir as necesidades de formación na FP ou para garantir a actualización do currículo no centro por parte do equipo docente e a súa relación coa realidade produtiva.

Novas metodoloxías
De xeito transversal, a nova normativa introduce a implantación progresiva e xeneralizada de metodoloxías activas baseadas en proxectos e retos, próximos á realidade produtiva. Tamén se favorecen as ofertas modulares, presenciais ou virtuais, que faciliten unha aprendizaxe adaptada ás condicións, capacidades, necesidades e a intereses das persoas que se poida conciliar con outras actividades e responsabilidades.

Selo para as empresas comprometidas coa FP dual
O compromiso das empresas galegas é un dos factores fundamentais para unha formación da máxima calidade e para a inserción laboral do alumnado. Para recoñecer este traballo, a Consellería de Educación crea o novo selo Empresa comprometida coa formación profesional dual, un distintivo dirixido ás compañías que colaboraran con estas ensinanzas polo menos durante tres anos consecutivos no último lustro a través de dous ou máis convenios formativos. Entre os requisitos, segundo indicou Rueda, valorarase especialmente a participación en proxectos de FP dual intensiva, a contratación de titulados da FP galega unha vez rematadas a formación ou a participación en programas de innovación impulsados desde a Consellería.

Ademais do selo distintivo, as empresas que sexan recoñecidas contarán con diversos beneficios, como a simplificación nos trámites coa Administración educativa, prioridade na participación nos procesos colectivos de acreditación da experiencia laboral para as persoas traballadoras da empresa ou o acceso preferente a proxectos e redes de innovación da Consellería. Así mesmo, o persoal destas empresas terá prioridade para incorporarse aos centros no marco das ditas tres novas figuras docentes de persoas expertas anteriormente descritas.

O obxectivo deste recoñecemento, que terá unha vixencia de catro anos e se convocará antes de que remate o ano e con periodicidade anual, é fortalecer os vínculos entre a FP e o tecido produtivo, que contribúe de xeito decisivo á calidade da formación do alumnado. Así mesmo, favorécese a participación das empresas nos proxectos innovadores da FP galega e a formación continua, tanto de profesores como de persoas traballadoras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A DÉBEDA DOS CONCELLOS GALEGOS DESCENDEU UN 12 % EN 2025 CON RESPECTO AO EXERCICIO ANTERIOR

- En termos de débeda per cápita, o endebedamento é de 100 euros por habitante en Galicia, fronte aos 303 euros da media nacional
- O aforro neto dos concellos galegos ascende a 207 M€, e os municipios de menos de 1.500 habitantes son os que rexistran unha maior capacidade aforro
- As catro deputacións provinciais e case a metade dos concellos están libres de débeda viva

A débeda dos concellos galegos descendeu un 12 % en 2025 con respecto ao exercicio anterior. Así se desprende do informe avaliado hoxe no Consello da Xunta, elaborado pola Consellería de Facenda e Administración Pública sobre a situación económico-financeira das entidades locais galegas, que recolle que o 93 % dos municipios, que representan o 96 % da poboación galega, cumpriron coa obriga de aprobar a liquidación do orzamento e remitir a información á Xunta.

Máis polo miúdo, o documento precisa que o importe total da débeda dos concellos de Galicia ascende a 266 millóns de euros, reducíndose nun 12 % respecto a 2024, mentres que, no caso das deputacións provinciais, estas non teñen débeda viva (fronte aos 29 millóns de euros do exercicio anterior), ao igual que case a metade dos concellos.

Así mesmo, subliña que en ambos os dous casos as ratios de débeda sobre ingresos correntes se sitúan moi por debaixo da media nacional: un 9 % no caso dos municipios fronte ao 23 % da media en España, e un 0 % nas deputacións fronte ao 10 % da media nacional.

En termos de débeda per cápita, o endebedamento por habitante dos concellos galegos é de 100 euros fronte aos 303 euros no caso da media nacional.

Aforro

O aforro neto dos concellos galegos, indicador básico de sustentabilidade financeira, ascende a 207 millóns de euros, e os municipios de menos de 1.500 habitantes son os que rexistran unha maior capacidade aforro, por riba da media do total de concellos da Comunidade (un 12,4 % fronte ao aforro neto medio do 7,2 %).

Ben que, no caso das deputacións, este indicador presenta tamén signo positivo, o informe observa unha importante diminución do seu importe no exercicio 2025: -24 %.

Superávit

No exercicio 2025, os municipios da Comunidade presentan de forma conxunta un superávit de 49 millóns de euros, equivalente ao 1,5 % dos seus ingresos non financeiros. E os concellos con menor poboación, sobre todo os de menos de 1.500 habitantes, son

os que rexistran un maior superávit en relación cos seus ingresos, mentres que os de máis de 50.000 habitantes rexistran un déficit conxunto de -0,6 %.

As deputacións provinciais, pola súa banda, presentan un superávit de 107 millóns de euros.

O conxunto de concellos, en termos agregados, presentan un remanente de tesouraría por importe de 879 millóns de euros, e os sete concellos de maior poboación son os que acumulan a maior parte deste (o 48 %, fronte ao 5 % dos municipios de menos de 1.500 habitantes).

No caso das deputacións, o importe global do remanente acada os 957 M€, un 9 % máis que no exercicio de 2024.

Por último, e coa información dispoñible con data do 30 de setembro, o documento salienta que o grao de cumprimento das regras fiscais nos concellos acadou en 2025 un 59 % e, no caso das deputacións, o 50 %.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN POR MÁIS DE 1,4 M€ DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PEONIL NA AC-542 NA INFESTA, EN BETANZOS

- Trátase de impulsar novas medidas en defensa da seguridade e da accesibilidade no treito inicial de 2,4 km da vía, cun itinerario peonil continuo e mellorando a visibilidade nos distintos accesos
- O proxecto incorpora as propostas do proxecto piloto elaborado por Stop Accidentes na contorna do centro Pai Menni, no marco da colaboración coa Xunta, e atende as demandas trasladadas polos veciños da Infesta
- Destacan accións singulares como a nova glorieta do enlace da AC-542 coa N-VI, o novo acceso ao centro Pai Menni, a mellora da accesibilidade peonil na travesía da Infesta e a ampliación do paso superior da pasarela sobre a vía do ferrocarril
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará as obras na vindeiras semanas co obxectivo de adxudicar e iniciar os traballos no primeiro semestre do vindeiro ano

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar a próxima licitación das obras de mellora da seguridade e accesibilidade peonil na estrada autonómica AC-542, na Infesta, no concello de Betanzos, por un importe de máis de 1,4M€.

A través desta licitación trátase de levar a cabo actuacións de acondicionamento e mellora no treito inicial de 2,4 quilómetros de lonxitude da estrada AC-542, desde o punto quilométrico 0+000 (intersección coa AC-840) e o punto quilométrico 2+400 (enlace coa A-6), habilitando un itinerario peonil continuo, accesible e seguro segundo a normativa de aplicación.

A actuación prevista pola Xunta incorpora as propostas do proxecto piloto elaborado por Stop Accidentes na contorna do centro Pai Menni de Betanzos, destinado a persoas con discapacidade. Neste caso, este proxecto impulsouse no marco do convenio de colaboración da Xunta e Stop Accidentes para o impulso de novas medidas en defensa da seguridade viaria.

As actuacións obxecto do contrato que se vai licitar inclúen as medidas do proxecto piloto e atende outras demandas dos veciños da Infesta, que son nalgúns casos coincidentes coas transmitidas polo centro Pai Menni e noutros casos complementarias.

O proxecto definitivo incorpora, respecto do sometido inicialmente a información pública, modificacións no trazado, entre as cales se inclúen a habilitación dun carril central de xiro á esquerda para o acceso desde a AC-542 á N-VI en dirección á Coruña; desprazamentos lixeiros en posición de refuxios e paradas de autobús, ou a configuración de prazas de aparcamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


Así mesmo, inclúense actuacións de mellora da seguridade peonil, como un novo paso de peóns máis preto dos accesos á Infesta e ao Tarreo; e actuacións de mellora da seguridade viaria, novas beirarrúas entre os quilómetros 1+930 e 2+120 e restricións dos movementos de xiro á esquerda no acceso a Xanrozo. Tamén se prevé o reforzo da sinalización de limitación de velocidade máxima e ampliación de zonas restrinxidas a 50 km/h ou a adaptación do deseño das vías de Pai Menni para o estacionamento temporal.

O investimento total neste novo proxecto da Xunta se inclúe o pagamento dos oito predios necesarios para executar esta actuación. Os actos expropiatorios leváronse a cabo xa este pasado verán.


A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé licitar estas obras nas vindeiras semanas, para poder adxudicar e iniciar as obras no primeiro semestre de 2027. O prazo de execución das obras é de 12 meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano de situación e das principais actuacións previstas:




Treito de actuación



Plano planta actuación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Glorieta no enlace da AC-542 coa N-VI

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA NOVAS SENDAS DE USO MIXTO PEONIL E CICLISTA NA PO-552, NOS TREITOS CARREGAL-ÁREA DE DESCANSO E CURRÁS-O TORRÓN, NO CONCELLO DE TOMIÑO

- O Consello da Xunta aproba provisionalmente este proxecto que ten un orzamento estimado de 1,6 M€
- Intervirase no treito da PO-552 de algo máis de 1,5 km de lonxitude, entre os puntos 64+470 ao 66+010, e no tramo de algo máis de 2 quilómetros de lonxitude, do 67+360 ao 69+420), nas parroquias de Amorín, Currás e Sobrada
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá proximamente este proxecto a información pública co obxectivo de aprobar, licitar e iniciar a execución das obras en 2027

O Goberno galego acordou impulsar a construción de sendas de uso mixto para peóns e ciclistas na estrada autonómica PO-552, nos treitos Carregal-área de descanso e Currás-O Torrón, no concello de Tomiño.

O Consello da Xunta aprobou hoxe de xeito provisional, para a súa próxima información pública, este proxecto cuxo obxecto principal é habilitar dous itinerarios no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 66+470 e 69+420 desta vía autonómica, a executar en dous subtramos ao seu paso polas parroquias de Amorín, Currás e Sobrada, no concello de Tomiño.

O orzamento inicial estimado deste proxecto rolda os 1,6 M€.

En concreto, intervirase no treito da PO-552 de algo máis de 1,5 quilómetros de lonxitude, entre os puntos quilométricos 64+470 ao 66+010, e no tramo de algo máis de 2 quilómetros de lonxitude, do quilómetro 67+360 ao 69+420), nas parroquias de Amorín, Currás e Sobrada.

O obxectivo é adaptar o espazo dispoñible neste treito de preto de 5 quilómetros de lonxitude, suprimindo ou minimizando o conflito co tráfico rodado. A PO-552 rexistra tráfico de medio percorrido e local, cunha intensidade media diaria total de 12.105 vehículos/día ata o punto quilométrico 69+140.

Ademais, trátase dun contorno periurbano con numerosos accesos e edificacións nas marxes, que atravesa os núcleos de Carregal, Currás ou O Torrón, onde se incrementa a densidade edificatoria (especialmente ao paso polo Torrón) que, en xeral, é de tipo unifamiliar. Ao longo dos tramos de actuación, atópanse algunhas zonas illadas con beirarrúa en fronte de vivendas.

Tramitación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá este proxecto a información pública, para efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e para efectos expropiatorios, por un prazo de 30 días hábiles. Nesta intervención é necesario a expropiación de 38 predios (25 de titularidade privada e 13 de titularidade pública).

Unha vez resolta a información pública, procederase á aprobación definitiva do proxecto de construción e co obxectivo de licitar, adxudicar e iniciar as obras en 2027. O prazo de execución das obras é de 18 meses.

As actuacións recollidas nesta actuación da Xunta financiaranse con cargo a fondos do programa operativo Feder 21/27.

As actuacións
Proxéctase unha senda de ancho estándar de 2,50 metros que, puntualmente, se ampliou ou reduciu para adaptar a infraestrutura á realidade física do contorno (presenza de edificacións, peches e accesos), en combinación con segregación coa calzada mediante bordo enrasado e maximizando as dimensións das beiravías, mantendo 1,50 m de ancho en xeral. Disporase unicamente dun bordo elevado de 10 cm sobre a rasante nos tramos que conectan coas beirarrúas existentes e nas zonas destinadas ás paradas de autobús.

En determinados tramos, a presenza de edificacións ou peches ao bordo da calzada condiciona o espazo dispoñible. Para garantir a continuidade do itinerario accesible e un ancho de beiravía que asegure a maior protección dos ciclistas deportivos, modificarase lixeiramente o trazado en planta da estrada PO-552 mediante o desprazamento do eixe e o estreitamento dos carrís de circulación. Esta solución aplicarase especificamente entre os puntos quilométricos 65+050 e 65+310, 67+490 e 68+550, e 68+800 e 68+980.

Así mesmo, entre o quilómetro 65+310 e 65+920 proxéctase un cebreado central de 1,00 m de ancho, co obxectivo de acougar o tráfico no contorno da escola de Carregal. Tamén fronte á escola de Carregal de Abaixo se proxecta unha banda de aparcamento con funcionamento Kiss & Go para facilitar a baixada e recollida de alumnos, evitando así que os vehículos invadan o itinerario peonil.


No deseño da proposta que se someterá a información pública mantéñense as paradas de autobús actuais, habilitando apartadoiros para que a carga e descarga de viaxeiros non interrompa o tráfico. As únicas excepcións son as paradas situadas na marxe dereita, no quilómetros 64+850, 65+300, 68+180 e 69+120, cuxa remodelación xa está recollida noutro proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na rede autonómica de estradas.

Ademais, como actuacións complementarias deste proxecto, inclúese a creación de áreas de descanso nos sobreanchos e zonas públicas lindeiras coa senda no contorno dos puntos 64+750, 68+410 e 68+740, mediante a implantación de zonas verdes, a plantación de especies arbóreas e arbustivas e a instalación de bancos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se reordena a intersección no punto 64+960 da estrada, cun illote central para canalizar os fluxos de tráfico nos distintos sentidos de circulación e mantendo configuración actual do cruzamento, e se prevé a reforma da regulación semafórica no punto 69+150 da PO-552 para ordenar e protexer o cruzamento peonil sobre a vía secundaria que interseca pola marxe dereita.

No proxecto inclúense as correspondentes obras de drenaxe, repintado de marcas viarias, sinalización vertical, así como a disposición das canalización necesarias para a iluminación, prisma de telecomunicacións ou a reposición de servizos afectados, entre outros traballos.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Localización da zona de traballo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA EXPORÁ SEIS OBRAS DO PINTOR OURENSÁN MANUEL PRIEGO DE OLIVER

- O Consello dá luz verde ao comodato acordado coa familia do artista para exhibir catro pinturas e dous debuxos da segunda metade do século XX
- Os bens, que serán presentados nos próximos días, complementan a pluralidade de propostas da arte galega da posguerra, achegando a observación do cotiá e o realismo de carácter etnográfico

O Museo de Belas Artes da Coruña incorporará á súa colección seis obras do pintor ourensán Manuel Prego de Oliver. Así se acordou hoxe no Consello da Xunta, en que se lle deu luz verde ao comodato acordado entre a familia do artista e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e no cal se inclúe un total de catro pinturas e dous debuxos da segunda metade do século XX.

Con este acordo, os bens poderán exhibirse no marco da programación expositiva do equipamento cultural durante cinco anos prorrogables, facendo constar a pertenza á familia. Neste sentido, as pezas complementan a pluralidade de propostas da arte galega da posguerra, ao achegaren a observación do cotián e o realismo de carácter etnográfico.

Manuel Prego de Oliver ocupa un lugar destacado na pintura galega do século XX, especialmente pola súa contribución á paisaxe e á representación dunha Galicia rural, austera e profundamente humanizada. A súa produción permite observar a evolución posterior á xeración renovadora dos *Novos* ou *Os Renovadores*, nun contexto en que os artistas da Comunidade buscaban novas maneiras de expresar unha identidade plástica propia.

As obras obxecto do comodato son os óleos *Froitas na sombra*, *Muller con saco* e *Paisaxe*, a monotipia *Mendigo descansando* e as tintas *Mendigo* e *Vella con bastón*. Estas creacións amplían a colección de pintores galegos no museo coruñés, que non contaba con ningunha obra deste creador, presente en centros como o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, o Museo Etnolóxico de Ribadavia, o Museo das Peregrinacións e de Santiago ou na colección da Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA O PROCESO DE RENOVACIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA DOP MEXILLÓN DE GALICIA

— O órgano de goberno manterá as 12 vogalías, repartidas entre a produción, a comercialización de mexillón fresco e a transformación
— A normativa establece un sistema de votación presencial e medidas para procurar unha representación equilibrada de mulleres e homes

O Consello da Xunta foi informado pola Consellería do Mar sobre a orde pola que se convocan as eleccións para a renovación dos membros do Pleno do Consello Regulador da denominación de orixe protexida (DOP) Mexillón de Galicia. A disposición regula as normas do proceso electoral, os órganos encargados da súa organización e supervisión e o calendario.

O Pleno manterá as 12 vogalías previstas no Regulamento da denominación de orixe, das que seis corresponden ao subsector produtor, e serán elixidas polas persoas titulares de bateas inscritas no rexistro do Consello Regulador; outras tres representan a comercialización de mexillón fresco e serán elixidas por e entre as persoas titulares de centros de depuración e/ou expedición inscritos, e as tres restantes corresponden ás empresas de transformación inscritas.

A orde establece dous órganos con funcións diferenciadas. Por un lado, a Xunta Electoral, integrada por representantes da Administración autonómica e dos sectores vinculados ao Consello Regulador, exercerá a supervisión superior do proceso. Por outro, a Comisión Electoral, designada polo Pleno da entidade, organizará as actuacións electorais, entre elas a elaboración dos censos, a tramitación das candidaturas e a organización das votacións, baixo as instrucións da Xunta Electoral.

O procedemento incluirá a exposición pública dos censos electorais, a presentación e proclamación de candidaturas, os períodos de reclamación e recurso e a designación das mesas electorais e a votación, que será presencial. Porén, no caso de que se presente unha única candidatura ou de que o número de candidatos non supere o de vogalías que se deben elixir, as listas serán proclamadas directamente pola Comisión Electoral, sen necesidade de continuar co proceso electoral no censo ou subcenso correspondente. O proceso electoral comezará ao día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Tras a proclamación das persoas vogais electas constituirase o novo Pleno, que elixirá a Presidencia e as vicepresidencias. Durante o proceso, os actuais membros do Consello Regulador permanecerán en funcións, limitados aos actos de trámite e aos necesarios para manter o funcionamento da denominación e desenvolver as eleccións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A convocatoria inclúe unha previsión para procurar unha presenza equilibrada de mulleres e homes na composición do Consello Regulador, da Xunta Electoral e da Comisión Electoral.

A primeira DOP dun produto do mar en Europa

A denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia identifica e certifica a orixe e a calidade do mexillón cultivado nas rías galegas conforme os requisitos establecidos no seu prego de condicións. Este distintivo permite diferenciar o produto no mercado e ofrécelles aos consumidores garantías sobre a súa procedencia e rastrexabilidade.

O Mexillón de Galicia converteuse en 2007 no primeiro produto do mar de Europa en obter o recoñecemento de denominación de orixe protexida por parte da Unión Europea. O seu Consello Regulador, que iniciou a súa actividade en 1994, encárgase de protexer a denominación, velar polo cumprimento dos requisitos de calidade e promover o seu recoñecemento entre os consumidores.